

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES FERROL VELLO

CURSO: 2º ESO

MATERIA: INVESTIGACIÓN TRATAMENTO DA INFORMACIÓN (ITI)

DEPARTAMENTO: INGLÉS

DATA: 01/06/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso, ampliación).**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

2º ESO

<i>Clave contido</i>	<i>Definición do contido e Criterio de avaliación asociado</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>	<i>Competencias</i>
B1.1.	<p>A biblioteca como espazo de acceso á información: Utilizar a biblioteca como espazo de acceso á información presencial ou virtual</p> <p>3ª AVALIACIÓN.</p>	<p>ITIB1.1.1. Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de lectura e de información</p> <p>ITIB1.1.2. Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais.</p>	CCL, CD, CAA, CSIEE, CCEC
B1.2.	<p>As bibliotecas como espazos culturais: Identificar a biblioteca do centro e outras bibliotecas do contorno máis próximo, como espazos culturais dispoñibles á hora de cubrir as necesidades de lectura e de información.</p> <p>3ª AVALIACIÓN</p>	ITIB1.2.1. Utiliza outros tipos de biblioteca aos que pode ter acceso no seu contorno máis próximo.	CSC
B1.3.	<p>Recursos informativos: fontes orais, recursos físicos e virtuais: Identificar os recursos informativos dispoñibles segundo tipoloxía, soportes e formatos.</p> <p>1ª AVALIACIÓN / 3ª AVALIACIÓN</p>	<p>ITIB1.3.1. Diferenza os documentos informativos en función do seu contido.</p> <p>ITIB1.3.2. Acode ás fontes orais de referencia no seu contorno máis próximo para determinadas necesidades informativas.</p> <p>ITIB1.3.3. Accede de forma autónoma a contidos audiovisuais,</p>	CD, CAA, CSIEE CCL, CAAT

		presenciais ou virtuais.	
B1.4.	Estratexias de procura eficaz: Adaptar as estratexias de procura ás características dos recursos dixitais. Adaptar as estratexias de procura ás características dos recursos dixitais. 1ª AVALIACIÓN / 3ª AVALIACIÓN	ITIB1.4.1. Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos consultados. ITIB1.4.2. Recupera de forma eficaz contido informativo dos recursos dixitais.	CCL, CAA, CD
B1.5.	Dereitos de autoría: Recoñecer os dereitos de autoría. 3ª AVALIACIÓN	ITIB1.5.1. Identifica e respecta a autoría de textos ou imaxes.	CAA, CSC
B2.4.	Recursos dixitais. Internet como fonte de información: Acceder á rede e coñecer os recursos dispoñibles a través de internet. 1ª AVALIACIÓN / 2ª AVALIACIÓN	ITIB2.4.1. Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información. ITIB2.4.2. Utiliza internet valorando as características deste medio en relación a aspectos como a permanencia, a fiabilidade, a veracidade, a organización, a selección, a gratuidade, a dispoñibilidade, a autoría, etc.	CD, CSIEE, CSC
B2.6.	Espazos web e redes sociais como plataformas de comunicación e información: Coñecer as redes sociais os espazos web creados na aula, na biblioteca e no centro, e participar neles. 1ª AVALIACIÓN / 2ª AVALIACIÓN/ 3ª AVALIACIÓN	ITIB2.6.1. Intervén nas redes sociais creadas no seu centro respectando as finalidades para as que foron creadas: educativa, participativa, etc	CD, CMCCT, CAA
B2.7.	Beneficios e riscos da rede. Dereito de privacidade: Valorar os	ITIB2.7 Navega por internet con seguridade preservando a	CD, CSC, CSIEE

	beneficios e os riscos da rede. 1ª AVALIACIÓN / 2ª AVALIACIÓN	súa identidade e a súa privacidade.	
B2.8.	Fiabilidade dos espazos web: Coñecer e usar os criterios para identificar os espazos web fiables. 1ª AVALIACIÓN	ITIB2.8.1. Distingue webs fiables en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, finalidades, publicidade, contacto, etc	CD, CCL, CAA
B2.9..	Internet e as creacións colectivas: Valorar as creacións colectivas en internet como Wikipedia, Galipedia, etc. 1ª AVALIACIÓN / 2ª AVALIACIÓN/ 3ª AVALIACIÓN	ITIB2.9.1. Emprega as creacións colectivas en internet: Wikipedia, Galipedia, etc.	CD, CSCL
B2.10	Valoración da información recollida na rede: Avaliar de forma crítica a información recollida e contrastar información en distintas fontes. 1ª AVALIACIÓN / 2ª AVALIACIÓN/ 3ª AVALIACIÓN	ITIB2.10.1. Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede.	CD, CCL, CAA,
B.3.1	Procesos de investigación: Recoñecer os pasos para seguir nun proceso de investigación 3ª AVALIACIÓN	ITIB3.1.1. Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.	CAA, CSIEE
B.3.2	Planificación dun proxecto de investigación: Planificar o proceso de procura e recuperación da información 3ª AVALIACIÓN	ITIB3.2.1. Elabora un esquema do traballo que se vaia realizar.	CCL, CAA

B.4.1	Preparación da procura informativa: Identificar o tipo de información que se precisa, localizar as fontes informativas dispoñibles, realizar consultas informativas seguindo un plan deseñado previamente e empregar o recurso informativo máis apropiado ao tipo de información que se precisa. 1ª AVALIACIÓN / 2ª AVALIACIÓN/3ª AVALIACIÓN	ITIB4.1.1. Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos.	CCL, CD, CAA
B.4.3	Interpretación e valoración da información atopada: Valorar a información atopada en función de determinados criterios: pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc. 1ª AVALIACIÓN / 2ª AVALIACIÓN/3ª AVALIACIÓN	ITIB4.3.1. Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.).	CCL, CD, CAA
B.4.4	Proceso da información, extracción e síntese: Extraer a información precisa, en función dos obxectivos do traballo, de forma sintetizada. 1ª AVALIACIÓN / 2ª AVALIACIÓN/3ª AVALIACIÓN	ITIB4.4.1. Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo.	CCL, CD, CAA
B.5.3	Reelaboración e personalización da información: Estruturar mediante un guión textos propios, expositivos, descritivos e explicativos, a partir da información reunida. 3ª AVALIACIÓN	ITIB5.3.1. Elabora guións para estruturar os textos creados a partir da información reunida.	CCL, CD, CAA
B.5.5	Elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais: Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais. 3ª AVALIACIÓN	ITIB5.5.1. Elabora material de apoio para as súas presentacións orais.	CCL, CD

B.5.7	Tratamento e edición de produtos dixitais (presentacións, vídeos, etc.): Incorporar imaxes aos traballos escritos ou ás presentacións cun tratamento adecuado. 3ª AVALIACIÓN	ITIB5.7.1. Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación.	CD, CCEC
B.5.8	Características dos textos dixitais eficaces: Identificar e valorar as pautas para a produción de textos dixitais eficaces (lonxitude dos textos escritos, presentacións eficaces, etc.) 3ª AVALIACIÓN	ITIB5.8.1. Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.	CCL, CD

Reducimos os mínimos esixibles para a superación da materia, xa que do **bloque 1** non se chegaron a traballar todos os aspectos antes da declaración do estado de alarma porque, tal e como tiñamos recollido na programación, no ámbito da temporalización, o traballo de Biblioteca quedaba para o último trimestre para facelo coincidir con mes dos libros e a visita á Biblioteca Municipal e ao Diario de Ferrol.

Considerando o enfoque maioritariamente práctico dado á materia, son moitos os estándares aplicables a máis dunha avaliación.

Os estándares marcados en **vermello** non serán tidos en conta ao non haberse traballado por mor do cambio de temporalización antes mencionado ou porque xa estaban programados para a terceira avaliación

Os contidos e estándares marcados en **azul** serán traballados na terceira avaliación a través das clases virtuais. Servirán para mellorar as competencias dos alumnos pero non serán avaliados negativamente en ningún caso.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: a avaliación do terceiro trimestre non poderá ser tan variada no que respecta a procedementos de avaliación debido ás circunstancias vividas. Avaliarase mediante a revisión das tarefas propostas. Proporcionaremos a retroalimentación, o reforzo e a atención personalizada necesaria para que o noso alumnado siga sendo consciente dos seus avances e dos aspectos nos que mellorar.</p> <p>Instrumentos: traballo semanal, distribuído no mesmo número de sesións que teriamos na educación presencial, en forma de tarefas (ver punto 3. Metodoloxía para máis información).</p>
Cualificación final	<p>Para obter a cualificación final na materia de TIC, que será a mesma para a 3ª avaliación (de carácter diagnóstico segundo as indicacións recibidas) e a avaliación ordinaria, teremos en conta o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O alumnado que ten aprobadas a 1ª e a 2ª avaliación, aprobará a materia. Se a nota da 1ª e da 2ª avaliación coincide, a súa nota final será a mesma ou mellor (ver seguintes puntos). - Se a nota da 1ª e da 2ª non coincide, farase a media aritmética. No caso de que o resultado sexa un número decimal (por exemplo, 6,5), para acadar o seguinte número enteiro ou non decimal terán que ter entregado polo menos o 70% das tarefas do 3º trimestre (neste caso para obter un 7). - No caso de terse realmente involucrado na 3ª avaliación e ter entregado máis do 90% das tarefas, a súa nota incrementárase nun punto extra e se redondeará ata o seguinte número enteiro. - Isto tamén aplica, por suposto, a aqueles que tiñan a mesma nota na primeira e na segunda. - En definitiva, todo o alumnado poderá subir a súa cualificación nun 10% (até 1 punto máis) se se involucra na 3ª avaliación e entrega máis do 90% das actividades propostas. - Dado que todo o alumnado ten aprobadas as dúas primeiras avaliacións, ninguén ten que facer tarefas de recuperación.
Proba extraordinaria de setembro	Non haberá proba extraordinaria xa que todo o alumnado supera a materia na proba ordinaria.

Alumnado de materia pendiente	Non procede, xa que esta materia optativa só se imparte en 2º ESO.
--------------------------------------	--

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Durante o terceiro trimestre e como xa viñemos facendo dende que se decretou o estado de alarma, indicaremos as actividades que o noso alumnado debe realizar a través da axenda dixital (creada para cada grupo e cuxa ligazón foi enviada a través de Abalar-Móbil e aos correos de dominio @iesferrolvello.org de todo o alumnado) e a través da aula E-dixgal, como xa viñemos facendo ao longo do curso. Estas actividades estarán distribuídas en sesións semanais que se corresponden co número de clases que tiñamos antes desta situación extraordinaria.</p> <p>Tentaremos que sexan actividades variadas que permitan reforzar e afianzar coñecementos e contidos e, ao mesmo tempo, espertar a curiosidade por seguir aprendendo.</p> <p>En cuanto a introdución de materia nova, será eminentemente de tipo práctico e que sirva de axuda par mellorar as súas competencias dixitais para elaborar e mandar as tarefas on-line de todas as demais materias. Traballaremos contidos como Captura de pantalla, Escaneado desde o móbil, creación de PowerPoints, etc.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Como xa viñamos dicindo no apartado anterior, proporcionaremos actividades variadas para poder reforzar, afianzar e, de ser o caso, ampliar coñecementos. Combinaremos o uso de software libre con materiais e ferramentas en liña, videotutoriais gravados pola profesora, materiais creados e/ou adaptados e facilitados por esta, etc. sempre tendo en conta as situacións particulares do alumnado con máis problemas de conexión, de hardware, etc. Intentaremos flexibilizar e ofrecer alternativas para chegar a todos os alumnos/as, tendo en conta que á Dirección do centro e os titores xa se puxeron en contacto co alumnado para facilitarlles o acceso dixital a aqueles que non dispoñían del.</p> <p>O alumnado tamén participará nun Concurso de WordArts organizado pola Asociación de Fibromialxia Affinor, coa finalidade de que o seu labor sexa valorado e apreciado fóra das aulas.</p>
Materiais e recursos	<p>Os materiais de traballo quedan descritos no apartado anterior e indicárase onde atopalos facilmente a través da axenda dixital, da aula virtual E-dixgal e do correo corporativo.</p> <p>Dado que esta materia consiste en gran medida en empregar un ordenador con conexión a internet, polo de agora temos contactado con todo o alumnado da materia e dispoñen (ou facilitáronselles) os recursos necesarios. Non obstante, seguimos atentos ás circunstancias particulares para poder flexibilizar e ofrecer alternativas.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A información ao alumnado (e as súas familias, de ser o caso) dende esta materia terá lugar, agás causas de forza maior, a través das propios titoras, dos correos de dominio @iesferrolvello.org dos propios alumnos/as e da axenda dixital para cada grupo.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.